



Boletín Informativo do Concello

Avisos

* Nestes últimos días e ante o descoñecemento de moitos dos veciños/as de Boimorto o Concello elaborou os planos nos que se reflexan as faixas de protección dos mais de 60 núcleos de poboación, a partires da semana do 28 de maio estarán expostos na Casa do Concello. Estas faixas de protección son as recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Na mesma recóllense as seguintes directrices:

- Será obrigatorio, para as persoas responsables de terreos forestais ou en zonas de influencia forestal, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50m. perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como de edificacións vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 m. do monte.
- Nesta mesma franxa de 50 m. non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da referida lei (piñeiro galego (piñeiro do país), piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, queiruga, fento, silva e toxo)

Segundo as directrices da Consellería de Medio Rural estas obrigas exténdense subsidiariamente ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

Transcorrido o prazo, se non se cumpriron as obrigas sinaladas cabe a posibilidade de execución subsidiaria por parte do Concello, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e a imposición de multas coercitivas pola administración competente: Concello e/ou Consellería do Medio Rural.

Asemade na citada lei recóllense as faixas de protección que teñen as pistas e viais situados en zonas forestais, estas faixas débense medir dende a arista exterior da cuneta e son as seguintes:

- Nos viais de titularidade municipal:
 - 4 metros de separación para as especies recollidas na disposición adicional terceira (eucalipto, piñeiro galego, piñeiro de oregon,...)
 - 2 metros para o resto de especies (carballos, castiñeiros, sabugueiros,...)
- Nos viais principais da rede de estradas, no caso de Boimorto AC-840, AC-934, AC-234, CP-0602, CP-0603, DP-1001, DP-1002, DP-1003 e DP-1004:
 - 10 metros de separación para as especies recollidas na disposición adicional terceira (eucalipto, piñeiro galego, piñeiro de oregon,...)
 - 4 metros para o resto de especies (carballos, castiñeiros, sabugueiros,...)

É de máximo interese para todos os veciños de Boimorto que as fincas, montes e soares existentes no Concello se atopen nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada. Se ben este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia perante o risco de incendios.

Recordamos que os luns e mércores en horario de 10 a 14 horas está no Concello o técnico de urbanismo que lles dará toda a información que precisen sobre estes temas e lles amosara e explicara os planos das faixas de protección dos núcleos.

* Sabedores do malestar que moitos dos veciños teñen co estado das pistas e viais municipais o equipo de goberno que presido gustaríanos informar das distintas actuacións que están previstas acometer nos próximos e que se foron retrasando por autorización sectoriais (patrimonio, estradas,...) ou pola adaptación á nova Lei de Contratos:

POS 2017

- Mellora da canalización de pluviais en Boimorto, Sendelle, Brates, Rodieiros e Mercurin: 46.626,43 €
- Reparación de camiños en Dormeá, Rodeiros, Boimorto, Andabao e Corneda: 58.633,27 €
- **Reparación de camiños en Sendelle, Brates e Mercurin: 61.025,10 € - Adxudicada antes da entrada en vigor da lei de contratos, as obras iniciaránse nos vindeiros días.**
- Nova Sala de Convivencia na Residencia 115.337,80 €

Adicionais POS 2017

- Mellora camiños Cardeiro - Arceo: 53.556,87 €.
- Mellora camiños Cardeiro e Boimil: 30.205,87 €.
- Mellora camiños Andabao, Buazo e outros: 46.865,32 €.

Plan Marco 2017

- Mellora dos camiños da Sobreira e entorno da capela de San Brais en Dormeá: 70.971,00 €

Plan Marco 2018

- Mellora e mantemento dos camiños de Cheda, Vilanova - Ribadizo da fraga e Arentia: 70.440,80 €

Nominativa Deputación da Coruña

- Reforma de la carretera municipal en el lugar de o piñeiro y horros: 68.750,00 €

POS 2018 (Pendientes de autorizacións Patrimonio - Augas de Galicia, Xa autorizadas pola Deputación Provincial)

- Mellora da rede de abastecemento en Sendelle e reforzó da rede a Brates, Buazo, Cardeiro e Mercurin 49.675,72 €
- Reforma c/Gándara y suministro mobiliario urbano: 210.625,24 €

Adicionais POS 2018 (Pendientes de autorizacións Patrimonio - Augas de Galicia, Xa autorizadas pola Deputación Provincial)

- Reforma vias de Saamil, Vilanova, Piñeiro e outros: 90.428,47 €
- Reforma vias en Arosa e Ribeiro: 32.706,29 €

Esto supón unha inversión total de mais de 800.000,00 € en reformas/melloras/reparacións de vias municipais e case 170.000,00 adicados a mellorar os servizos municipais (abastecemento e Residencia).

Nas pistas que non se encontren incluídas nestes proxectos de obra farase un bacheo ao longo dos meses de xuño-xullo do presente ano.

Punto de atención á infancia

* O prazo para as novas inscricións para o curso 2018-2019 está aberto dende o 12 de abril ó 22 de xuño (ámbolos dous incluídos). Información nos servizos sociais do concello dende as 12:30 ata as 15:00 ou chamando ó teléfono 981 516075.

Cultura

* **CONCURSO DE DEBUXO:** O Concello de Boimorto está a organizar un concurso de debuxo para todos os nenos/as empadroados no concello das etapas de infantil, primaria e secundaria. O concurso "Ollando o teu concello", quere por en valor as persoas, a paisaxe, lugares segredos...do Concello de Boimorto. As obras seleccionadas formarán parte do calendario 2019 que editará o concello.

Os nenos/as que acoden ó CEIP Armando Cotarelo Valledor terán información detallada deste concurso, os que non asisten a este centro e estén interesados en participar poden informarse no Concello.

Deportes

* **RUTA DE SENDEIRISMO POR DODRO:** terá lugar o sábado 9 de xuño, cun perfil chan e favorable e de 14 kms e dificultade baixa. Forma parte da programación "Goza do Ulla 2018". Os interesados deberán inscribirse chamando ao Concello (981 51 60 20) antes do 7 de xuño. Deberá haber un mínimo de 15 inscritos para realizar a saída. Para máis info contactar co técnico deportivo.

* **RUTA DE SENDEIRISMO POR ANTAS DE ULLA:** terá lugar o domingo 1 de xullo, cun percorrido de 12 kms e dificultade baixa. Forma parte da programación "Goza do Ulla 2018". Os interesados deberán inscribirse chamando ao Concello (981 51 60 20) antes do 28 de xuño. Deberá haber un mínimo de 15 inscritos para realizar a saída. Para máis info contactar co técnico deportivo.

Emprego

* Publicación no BOP Nº 99 do 28/05/2018 as seguintes convocatorias de traballo:

- Convocatoria para a formación da I bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como FISIOTERAPEUTA da Residencia de persoas maiores e Centro de día.
- Convocatoria para a formación da II bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como XEROCULTOR/ AUXILIAR DE XERIATRÍA da Residencia
- Convocatoria Programa de integración laboral de persoal de obras e servizos mínimos municipais, tres peóns.
- Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para brigada de prevención e defensa contra incendios forestais (1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns de brigada).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 5 DÍAS HÁBILES CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA NO BOP (ATA O 04/06/2018 INCLUÍDO).